



**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 23 DE DECEMBRO DE 2016**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 08:30 horas do día 23 de decembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 21 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidentes:** D. David Regades Fernández

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez  
D. Javier Muradás Blanco  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela  
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 1, 2 e 3)  
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 1a, 1b, 1c, 2a, 2b, 2c, 2e, 3a, 3b, 3c, 5a e 6a)  
D. Miguel Fidalgo Iglesias (asiste ao punto 3)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**1.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Llorente (fase I) (4016-440)**

A secretaria comunica aos membros da Mesa que, por acordo do 14 de decembro de 2016, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

1. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
2. EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L.
3. ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.
4. COPCISA, S.A.
5. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.

Todas as anteriores empresas presentaron documentación en prazo.

Recibida a citada documentación deuse traslado ao responsable do contrato.

Con data do 21 de decembro de 2016 o enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos emitiu informes sobre a xustificación das baixas anormais ou desproporcionadas presentadas polas citadas empresas nos que se fai constar que soamente se poden entender xustificadas as baixas presentadas por CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. e EXCAVACIONES Y



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:21	Páxina 1 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC49-E2C74F-AD3A5H-CS6XJH-JDHQDD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

TRANSPORTES BC, S.L.

En base aos anteriores informes a Mesa, por unanimidade, acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Llorente (fase I) (4016-440), dos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado:

1. ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.
2. COPCISA, S.A.
3. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Estornino, entre Gregorio Espiño e Xílgaro (3968-440)**

A secretaria comunica aos membros da Mesa que, por acordo do 16 de novembro de 2016, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

1. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
2. OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.
3. ORECO, S.A.
4. CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.
5. UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. - ALVAC
6. ELSAMEX, S.A.
7. HORDESCON, S.L.
8. PROYECON GALICIA, S.A.
9. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.

Durante o prazo concedido, que remataba o 19 de novembro de 2016, presentaron documentación as seguintes empresas:

1. ORECO, S.A.
2. ELSAMEX, S.A.
3. PROYECON GALICIA, S.A.

Recibida a citada documentación deuse traslado ao responsable do contrato.

Con data do 21 de decembro de 2016 o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal emitiu informes sobre a xustificación das baixas anormais ou desproporcionadas presentadas polas citadas empresas nos que se fai constar que se entende xustificada a baixa de ORECO, S.A., pero non as de ELSAMEX, S.A e PROYECON GALICIA, S.A.

En base aos anteriores informes a Mesa, por unanimidade, acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Estornino, entre Gregorio Espiño e Xílgaro (3968-440), dos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado:

1. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
2. OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.
3. CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.
4. UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. - ALVAC
5. ELSAMEX, S.A.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:21	Páxina 2 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC49-E2C74F-AD3A5H-CS6XJH-JDHQDD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

6. HORDESCON, S.L.
7. PROYECON GALICIA, S.A.
8. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.

### **c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da beirarrúa da avenida de Castelao, entre a rúa Redondela e a rúa Porriño (3956-440)**

A secretaria comunica aos membros da Mesa que, por acordo do 23 de novembro de 2016, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

1. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
2. OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.
3. OBRAS, TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES FONTEFRÍA, S.L.U.
4. ELSAMEX, S.A.
5. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
6. NAROM, S.L.

Durante o prazo concedido, que remataba o 26 de novembro de 2016, presentaron documentación as seguintes empresas:

1. OBRAS, TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES FONTEFRÍA, S.L.U.
2. ELSAMEX, S.A.

Recibida a citada documentación deuse traslado ao responsable do contrato.

Con data do 21 de decembro de 2016 o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal emitiu informes sobre a xustificación das baixas anormais ou desproporcionadas presentadas polas citadas empresas nos que se fai constar, en relación con todas as xustificacións, que *“Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada a baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*.

En base aos anteriores informes a Mesa, por unanimidade, acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da beirarrúa da avenida de Castelao, entre a rúa Redondela e a rúa Porriño (3956-440) , dos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado:

1. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
2. OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.
3. OBRAS, TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES FONTEFRÍA, S.L.U.
4. ELSAMEX, S.A.
5. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
6. NAROM, S.L.

### **d) Procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:21	Páxina 3 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC49-E2C74F-AD3A5H-CS6XJH-JDHQDD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

### **pavimentos deportivos elásticos na pista vermella do complexo deportivo das Travesas e no pavillón polideportivo de Teis (15265-333)**

A secretaria comunica aos membros da Mesa que, por acordo do 12 de decembro de 2016, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

- Lote 1: MONDO IBERICA, S.A.
- Lote 2: MONDO IBERICA, S.A. e GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S.L.

Durante o prazo concedido, que remataba o 15 de decembro de 2016, presentaron documentación as seguintes empresas (ambas as dúas o último día):

- Lote 1: MONDO IBERICA, S.A.
- Lote 2: MONDO IBERICA, S.A. e GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S.L.

Recibida a citada documentación deuse traslado ao responsable do contrato.

Con data do 21 de decembro de 2016 os arquitectos municipais emiten informe sobre a xustificación das baixas anormais ou desproporcionadas presentadas polas citadas empresas nos que se fai constar, en relación con todas as xustificacións, que *“Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada a baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*.

En base ao anterior informe a Mesa, por unanimidade, acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Llorente (fase I) (4016-440), dos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado:

- Lote 1: MONDO IBERICA, S.A.
- Lote 2: MONDO IBERICA, S.A. e GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S.L.

### **2.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Llorente (fase I) (4016-440) (informe sobre C)**

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de data 22 de decembro de 2016 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”*. Logo do seu estudo, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acepta o referido informe.

#### **b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Estornino, entre Gregorio Espiño e Xílgaro (3968-440) (informe sobre C)**

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de data 21 de decembro de 2016 de valoración do sobre C



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:21	Páxina 4 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC49-E2C74F-AD3A5H-CS6XJH-JDHQDD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

*“proposición avaliable mediante fórmula”*. Logo do seu estudo, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acepta o referido informe.

### **c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da beirarrúa da avenida de Castelao, entre a rúa Redondela e a rúa Porriño (3956-440) (informe sobre C)**

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de data 22 de decembro de 2016 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”*. Logo do seu estudo, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acepta o referido informe.

### **d) Procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de pavimentos deportivos elásticos na pista vermella do complexo deportivo das Travesas e no pavillón polideportivo de Teis (15265-333) (informe sobre C)**

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos de data 21 de decembro de 2016 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”*, así como o informe sobre a rectificación da esixencia de garantía complementaria de data 22 de decembro de 2016 do que se dá copia a todos os membros da Mesa. Logo do seu estudo, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acepta o referido informe.

### **e) Procedemento negociado para a contratación do subministro dun vehículo tipo dumper para o parque móbil municipal (12225-445) (informe sobre B técnica e económica)**

Entrégase o informe de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor e proposición avaliable mediante fórmula”*, asinado polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 22 de decembro de 2016. Logo do seu estudo, a Mesa acorda, por unanimidade, iniciar a fase de negociación co único licitador presentado e admitido, VIP GALICIA, S.A.

## **3.- Propostas de clasificación**

### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Llorente (fase I) (4016-440)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan , por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:21	Páxina 5 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC49-E2C74F-AD3A5H-CS6XJH-JDHQDD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

xustificado, consonte os informes asinados polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos o 21 de decembro de 2016:

1. ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.
2. COPCISA, S.A.
3. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Llorente (fase I) (4016-440) na seguinte orde descendente:

	<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	<b>96,25</b>
2	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L.	<b>93,95</b>
3	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	<b>93,33</b>
4	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	<b>93,30</b>
5	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	<b>91,97</b>
6	EXCAVACIONES CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	<b>91,71</b>
7	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	<b>91,62</b>
8	NAROM, S.L.	<b>91,39</b>
9	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L.	<b>89,40</b>
10	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	<b>89,33</b>
11	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	<b>87,78</b>
12	EXCAV. Y CONSTRUCC. MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	<b>81,85</b>
13	MONTAJES JM IGLESIAS, S.L.	<b>68,23</b>

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
5. Resgardo da garantía complementaria esixible de acordo co disposto no apartado 10B do Anexo I -FEC- do PCAP (*"cando a oferta adxudicada, tivese sido cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente "*).

Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 997,50 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Estornino, entre Gregorio Espiño e Xílgaro (3968-440)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:21	Páxina 6 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC49-E2C74F-AD3A5H-CS6XJH-JDHQDD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 9 de novembro de 2016, da empresa PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. *“pola inclusión de información doutra obra dentro da documentación recollida no sobre B”*, segundo consta no informe do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, a técnica media de Obras Públicas e o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal do 7 de novembro de 2016.

Segundo.- Excluír deste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, consonte os informes asinados polo xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal o 21 de decembro de 2016:

1. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
2. OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.
3. CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.
4. UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. - ALVAC
5. ELSAMEX, S.A.
6. HORDESCON, S.L.
7. PROYECON GALICIA, S.A.
8. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Estornino, entre Gregorio Espiño e Xílgaro (3968-440) na seguinte orde descendente:

	<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
1	ORECO, S.A.	<b>84,47</b>
2	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	<b>83,15</b>
3	AVAN INTEGRAL, S.L.	<b>82,03</b>
4	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	<b>81,97</b>
5	CIVISGLOBAL, S.L.U.	<b>81,78</b>
6	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	<b>80,62</b>
7	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.	<b>79,82</b>
8	NAROM, S.L.	<b>79,44</b>
9	UTE 03 SERVICIOS Y CONTRATAS, S.L. - OGMIOS PROYECTO, S.L.	<b>79,35</b>
10	ORESA, S.L.	<b>78,88</b>
11	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - COPSESA	<b>78,55</b>
12	JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, S.A.	<b>77,98</b>



	<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
13	UTE ACEVI Y MONTAJES IGLESIAS	<b>77,25</b>
14	COPCISA, S.A.	<b>76,57</b>
15	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	<b>76,24</b>
16	SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	<b>75,03</b>
17	GEOXA GENERAL DE CONSTRUCCIONES, S.L.	<b>19,27</b>

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
5. Resgardo da garantía complementaria esixible de acordo co disposto no apartado 10B do Anexo I -FEC- do PCAP (*"cando a oferta adjudicada, se corresponda cunha oferta cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente e admitida para a súa valoración"*).

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 651,02 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

### **c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da beirarrúa da avenida de Castelao, entre a rúa Redondela e a rúa Porriño (3956-440)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 13 de outubro de 2016, das empresas CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS, SL e SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL deste procedemento por ter declarado unha solvencia técnica e profesional insuficiente, ao abeiro do previsto na cláusula 8 e apartado 9 do Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación.

Segundo.- Excluir deste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, consonte os informes asinados polo xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal o 21 de decembro de 2016:

1. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
2. OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:21	Páxina 8 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC49-E2C74F-AD3A5H-CS6XJH-JDHQDD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

3. OBRAS, TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES FONTEFRÍA, S.L.U.
4. ELSAMEX, S.A.
5. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
6. NAROM, S.L.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da beirarrúa da avenida de Castelao, entre a rúa Redondela e a rúa Porriño (3956-440) na seguinte orde descendente:

	<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	<b>94,75</b>
2	COPCISA, S.A.	<b>87,80</b>
3	ORECO, S.A.	<b>86,25</b>
4	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	<b>86,12</b>
5	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	<b>69,09</b>
6	ACEVI SL ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L.	<b>57,89</b>
7	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	<b>46,79</b>
8	MONTAJES JM IGLESIAS, S.L.	<b>26,81</b>

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
5. Resgardo da garantía complementaria do 5% do importe de adxudicación sen IVE, esixible de acordo co disposto no apartado 10B do Anexo I -FEC- do PCAP ("*cando o prazo de garantía ofertado polo adxudicatario sexa superior á media dos ofertados polos licitadores admitidos*").

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 875,26 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

### **d) Procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de pavimentos deportivos elásticos na pista vermella do complexo deportivo das**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:21	Páxina 9 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC49-E2C74F-AD3A5H-CS6XJH-JDHQDD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Travesas e no pavillón polideportivo de Teis (15265-333)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 9 de decembro de 2016, da empresa DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. por exceder o prezo formulado na súa oferta, tanto para o lote 1 “*Instalación de pavimento deportivo elástico na pista vermella do complexo deportivo das Travesas*” como para o lote 2 “*Instalación de pavimento deportivo elástico no pavillón polideportivo de Teis*”, do orzamento base de licitación (cláusula 13.5C do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación).

Segundo.- Excluír deste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, consonte o informe asinado polos arquitectos municipais o 21 de decembro de 2016:

- Lote 1 “*Instalación de pavimento deportivo elástico na pista vermella do complexo deportivo das Travesas*”: MONDO IBÉRICA, S.A.
- Lote 2 “*Instalación de pavimento deportivo elástico no pavillón polideportivo de Teis*”: MONDO IBÉRICA, S.A. e GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S.L.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de pavimentos deportivos elásticos na pista vermella do complexo deportivo das Travesas e no pavillón polideportivo de Teis (15265-333) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 “*Instalación de pavimento deportivo elástico na pista vermella do complexo deportivo das Travesas*”

	<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
1	GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	<b>84,81</b>
2	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	<b>29,10</b>

- Lote 2 “*Instalación de pavimento deportivo elástico no pavillón polideportivo de Teis*”

	<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
1	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	<b>29,10</b>

Cuarto.- Requiritur aos licitadores clasificados en primeiro lugar, GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L. (lote 1) e CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. (lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:21	Páxina 10 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC49-E2C74F-AD3A5H-CS6XJH-JDHQDD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATAÇÃO

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirir aos citados licitadores o aboamento de 1.251,10 euros (625,55 euros por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

### 4.- Aprobación de actas

#### a) Acta da sesión do 19 de decembro de 2016

Apróbase a acta da sesión do 19 de decembro de 2016 cos votos de D. David Regades Fernández, D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

#### b) Acta da sesión do 20 de decembro de 2016

Apróbase a acta da sesión do 20 de decembro de 2016 cos votos de D. David Regades Fernández, D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

#### c) Acta da sesión do 21 de decembro de 2016

Apróbase a acta da sesión do 21 de decembro de 2016 cos votos de D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

### 5.- Apertura administrativa

#### a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu (4096-440)

Ábrese o sobre A “*Documentación persoal*” deste procedemento. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
  1. XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
  2. ORECO, S.A
  3. UTE DEMAÍN OBRAS Y SERVICIOS, S.L. e HIDROMIÑO, S.L.U. (porcentaxe de participación na UTE 20%-80%)
  4. CIVIS GLOBAL, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:21	Páxina 11 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC49-E2C74F-AD3A5H-CS6XJH-JDHQDD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

5. CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.
6. ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.
7. UTE CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. e CONSTRUCCIONES HERMANOS CARRAJO, S.A. (porcentaxe de participación na UTE 50%-50%)
8. UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. e CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U. (porcentaxe de participación na UTE 40%-60%)
9. ORESA, S.L.
10. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.
11. UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. e CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A. (COPSESA) (porcentaxe de participación na UTE 50%-50%)
12. CONSTRUCCIONES OREGA SL
13. ELSAMEX, S.A.
14. COPCISA, S.A.
15. UTE ACEVI, S.L. e ALVAC, S.A. (porcentaxe de participación na UTE 50%-50%)
16. UTE SIELVIGO, S.L. e MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L. (porcentaxe de participación na UTE 50%-50%)
17. UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. E C.R.C. OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (porcentaxe de participación na UTE 50%-50%)
18. UTE NEMESIO ORDOÑEZ, S.A. e MONCOSA OHS, S.A. (porcentaxe de participación na UTE 80%-20%)
19. MISTURAS, S.A.
20. EXTRACO, S.A.
21. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.

- b) Excluir do procedemento aberto para a contratación das obras de *Humanización da rúa Bueu (4096-440)* a EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. e NARONM, S.L. por non dispor da solvencia técnica e económica esixida no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación.

Segundo a cláusula 8 e o apartado 6A do Anexo I-FEC- do prego, a solvencia técnica e económica neste procedemento acreditarase mediante a seguinte clasificación: *“grupo G (viarios e pistas), subgrupo 6 (obras viarias sen cualificación específica), categoría 3 e Grupo I (instalacións eléctricas), subgrupo 1 (alumeados, iluminacións e balizamentos luminosos), categoría 2”*.

Ningunha das dúas empresas dispón da clasificación I-1-2, segundo se desprende da documentación presentada, así como da consulta no Rexistro Xeral de contratistas de Galicia e no Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Estado.

Cómpre deixar constancia de que HIDROMIÑO, S.L.U. (que licita en UTE con DEMAÍN OBRAS Y SERVICIOS, S.L.) forma parte do mesmo grupo que CIVIS GLOBAL, S.L.

**b) Procedemento negociado para a contratación do subministro de equipos para renovación das instalación de produción de AQS no pavillón do Carmen e no complexo deportivo de Balaídos (718-611)**

Ábrese o sobre A *“Documentación persoal”* deste procedemento. Tras a súa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:21	Páxina 12 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC49-E2C74F-AD3A5H-CS6XJH-JDHQDD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda admitir neste procedemento a todos os licitadores presentados, que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:

1. COSTAS Y OTERO, S.L.
2. JOCAR VIGO INSTALACIONES, S.L.
3. IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.

### 6.-Apertura técnica

#### a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu (4096-440)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” das ofertas presentadas e admitidas.

A UTE NEMESIO ORDOÑEZ, S.A. e MONCOSA OHS, S.A. e CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. só presentan 1 CD, polo que se fará unha copia polo Servizo de Contratación.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

### 7.- Apertura económica

#### a) Procedemento negociado para a contratación do subministro de equipos para renovación das instalación de produción de AQS no pavillón do Carmen e no complexo deportivo de Balaídos (718-611)

En acto público abriuse o Sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor e proposición avaliable mediante fórmula” das ofertas presentadas e admitidas co seguinte resultado:

Licitadores	Prezo	Incremento prazo garantía (meses)
COSTAS Y OTERO, S.L.	58.250,00 €	24
JOCAR VIGO INSTALACIONES, S.L.	65.824,00 €	0
IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.*	53.240,00 €	96



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:21	Páxina 13 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC49-E2C74F-AD3A5H-CS6XJH-JDHQDD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

\*A proposición presentada por IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L. recolle textualmente:

*Propón como prezo do contrato o de CUARENTA E CATRO MIL EUROS (44.000,00 €), sendo a cota correspondente o IVE de NOVE MIL DOUSCENTOS CORENTA EUROS (9.240,00 €).*

Á vista do importe do IVE dedúcese que o prezo formulado non inclúe o IVE, polo que o prezo total ascende a 53.240,00 €.

Non asiste público á apertura.

Á vista das ofertas presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

Vigo, 23 de decembro de 2016

O presidente da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:21	Páxina 14 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC49-E2C74F-AD3A5H-CS6XJH-JDHQDD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		